


EXERCICIO PARA QUE MO MANDEDES PARA CORRIXIR:

anabelenfernandezmelon@edu.xunta.es

CHINA

Este é un poema de Berta Dávila, do seu libro *A pel do mundo*. Berta ofrécenos o poema e unha breve explicación do que sucede nel.



Le atentamente o poema e o texto que o acompaña. Responde as preguntas:

- 1- Quen é Li-Xiao?
- 2- Cales destes obxectos ten Li-Xiao?
 - a) Un papaventos
 - b) Unha bicicleta
 - c) Unha bóla
- 3- Está contento Li-Xiao co que ten? Que lle pode faltar?
- 4- Tes irmáns ou irmás? Gústache telos? Por que?
- 5- Que sabes ti da China? Escribe unha breve redacción de oito liñas como mínimo na que fales de todo aquilo que sabes sobre ese grande país.

ACTIVIDADE PARA REPASAR O XÉNERO DO SUBSTANTIVO

Reforzo de galego 1º ESO A e B. Profe Ana

Completa o texto coas formas femininas que correspondan. A continuación, comproba as túas respostas no SOLUCIONARIO:

«En certa ocasión, estaba deus tomando un baño, e esqueceuse de pechar a billa da auga, porque quedou prendado do seu embigo. Así que a auga rebordou da bañeira, e foi asolagando a terra.

Na terra andaba Noé todo preocupado:

- Xa anda aí outra vez ese presumido, a contemplar o seu embigo. Ben que lle podían gustar máis as dedas dos pés!

O coitado de Noé, vendo o panorama que o rodeaba, tomou unha decisión, porque cando deus se dese conta da grande desfeita que tiña acontecido pola súa pouca cabeza, non lle ía gustar nadiña ver a súa magnífica creación transformada nunha piscina. Así que Noé, que coñecía como era deus encabuxado, procurou atopar unha solución positiva.

Antes de que as augas cubrisen por completo toda a superficie da terra, Noé construíu unha grande arca de madeira e logrou xuntar nela unha parella de cada especie, para recuperar a vida no noso planeta cando deus deixase escorrer a auga da bañeira.

Así, xuntou un príncipe e unha _____, para gobernar a terra; un neno e unha _____, para construír o futuro; un avó e unha _____, para agasallar aos nenos con lambetadas; un abade e unha _____, para que criasen bandullo; un compadre e unha _____, para rexoubar sobre o abade e a súa compañeira; un sacerdote e unha _____, por se acaso había que orar no medio do mar; un pasmón e unha _____, porque sempre ten que haber quen estea a mirar para o aire; un capitán e unha _____, para gobernar o barco; un cabaleiro e unha _____, para colocar na torre do castelo; un ladrón e unha _____ especialistas en roubar tristezas; un folgazán e unha _____, para dicirlles “veña a traballar!”; un pastor e unha _____ para coidar do rabaño, cando o rabaño fose xa salvo; un tecelán e unha _____, para vestilos a todos; un poeta e unha _____, para cantar a historia da viaxe.

Mais tamén xuntou un elefante e unha _____; un carneiro e unha _____; un saltón e un _____; un cabalo e unha _____; un sapo e unha _____; un boi e unha _____; un galo e unha _____; un león e unha _____; unha pega e unha _____; un castrón e unha _____; e un pisquiño e un _____.

- Moi ben, xa están todos! – dixo Noé, ao acabar de pasar lista.

E, pegando un chimpo, Noé embarcou na súa arca cos seus compañeiros e as súas compañeiras de viaxe, rumbo a un novo mundo máis seco»

SOLUCIONARIO:

príncipe princesa

nenos nenas

avó avoa

abade abadesa

compadre comadre

sacerdote sacerdotisa

pasmón pasmona

capitán capitana

cabaleiro dama

ladrón ladroa

folgazán folgazana

pastor pastora

tecelán tecelá

poeta poetisa

elefante elefanta

carneiro ovella

saltón saltón femia

cabalo egua

sapo ra

boi vaca

galo galiña

león leoa

pega pega femia

castrón cabra

pisco pisco femia